PROLEGÓMENOS, FUNDACIÓN E TRANSMISIÓN DOS MORGADOS DE BALTAR E SAN SADURNIÑO NA COMARCA DE FERROL (SÉCULOS XVI AO XVIII)

Fernando Dopico Blanco

A **casa de Baltar** e a **casa de San Sadurniño** -logo marquesado do mesmo título- comparten historia próxima e común en máis dun intre nas súas respectivas travesías cronolóxicas como morgados, até a súa reunión nun só vínculo xa entrado o século XVIII. No presente traballo abórdase a fundación destos morgados que, xunto coa **casa de Mandiá**[1], constituiron durante o Antigo Rexime -fóra da **casa de Andrade/Lemos**- a triloxía nobiliaria máis importante e de máis peso no entramado político-social da extremadela NW. coruñesa, na antiga terra de Trasancos e hoxe comarca de Ferrol. Ao longo do século XX algúns investigadores de talla formularon, máis no eido xenealóxico que no histórico, diversos esbozos sobre estos señoríos con dispares resultados. A nivel xeral cómpre salientar os xa clásicos traballos do P. Crespo[2] e de Martínez-Barbeito[3], así como en referencia a San Sadurniño son de obrigada cita o de Bugallal y

Mapa coa localización de BALTAR e SAN SADURNIÑO

Siglas e abreviaturas empregadas neste traballo:
- **ACNC**: Arquivo do Colexio Notarial de A Coruña.
- **AHUS**: Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela.
- **ARG**: Arquivo do Reino de Galicia.
- **BRAG**: Boletín da Real Academia Galega.
- **RA**: Real Audiencia.

1. O morgado dos Mandiá -logo Bermúdez de Mandiá- fundouse no a. 1599 sobre os coutos xurisdiccionais de Xuvia, Caranza e Santa Icía de Trasancos, así como sobre numerosas propiedades e bens capitais nestas e noutras freguesías da comarca. Para este morgado ver DOPICO BLANCO, Fernando. *Mandas testamentarias de D. Xoán Yáñez de Leiro e Doza …*; Caixa Galicia-Aula de Cultura, Ferrol, 1996. Tamén o traballo "Un complexo pacego rural ferrolán"; en *Ferrolanalisis* nº. 11, Ferrol, 1997.

2. CRESPO DEL POZO, José Santiago. *Blasones y Linajes de Galicia* (5 vols.); publicados dentro da colección Historia de Galicia (vv. aa.), edit. La Gran Enciclopedia Vasca, 1985.

3. MARTÍNEZ-BARBEITO Y MORÁS, Carlos. *Torres, Pazos y Linajes de la provincia de La Coruña*; Deput. Prov. de A Coruña, edit. Everest, León, 1986.

Vela[4] e o máis descoñecido e mellor documentado de Vaamonde Lores[5].

É conveniente advertir ademáis que, por lóxicos motivos de espacio nesta publicación e pola prolixidade da documentación a manexar, o presente traballo tan só pode recoller ou citar de pasada algúns interesantes datos que, coido, abren a porta a novos temas e perspectivas aínda que deixando de lado outros tantos. En todo caso, realmente merecen un detido estudio en profundidade que espero poder realizar noutra ocasión.



Pazo de Baltar. Pedra armeira[7] en mármore cos brasóns de LANZÓS, ANDRADE, CASTRO e BERMÚDEZ

CASA DE BALTAR

A pequena freguesía de san Xoán de Baltar na parroquia de Santa María A Maior do Val[6] deu nome ó couto e casa que, baixo o apelido **Pardo de Andrade**, medrou ata fundirse no século XVIII cos seus poderosos parentes de San Sadurniño. Esta unión habería de vir da man do matrimonio entre Dª Xosefa Caetana Pardo de Andrade e Moscoso, V señora de Baltar, e o III marqués de San Sadurniño D. Xosé Xacinto de Quindós e Andrade.

Segundo quedou dito, o apelido que portaron os sucesivos señores de Baltar e os seus descendentes dende finais do século XVI foi o de **Pardo de Andrade**. Non obstante debo subliñar que o dominio fundacional sobre o que se asentaron realmente perténcíalle á vella liñaxe trasanquesa dos **Lago**[8], da que descendían directamente por vía de varón.

Como proba desta ascendencia dos Lago resulta peza fundamental o testamento do escudeiro PEDRO DE LAGO[9], *"vesino e morador que sooi en Val de Santa María la Mayor que es en el*

4. BUGALLAL Y VELA, Jaime. "San Saturnino, Marquesado de"; en *Gran Enciclopedia Gallega*, edit. Silverio Cañada, Santiago de Compostela, 1974.

5. VAAMONDE LORES, César. "El convento de San Saturnino"; en *BRAG* (tomo III), A Coruña, 1910.

6. No actual concello de Narón.

7. A presenza destos brasóns lévame a sospeitar que esta pedra, e outra en granito cos mesmos cuarteis, pertencían primitivamente ó pazo de San Sadurniño ou a algún edificio relacionado directamente, xa que as armas non coinciden coas utilizadas polos Pardo de Andrade. Posibelmente estas pezas trasladáronse e colocáronse no pazo de Baltar nun periodo indeterminado que oscila entre mediados do século XVIII cara adiante.

8. Referencias á súa antigüidade e lendas en APONTE, Vasco de. *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia* (edic. Equipo de Investigación "Galicia hasta 1500"); Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1986.

9. Publicado por Fr. Atanasio LÓPEZ no seu traballo. "Convento de San Francisco de La Coruña"; en *BRAG* (tomo VII), A Coruña, 1914. Ibi, pp. 1-7.

obispado de Mondoñedo", outorgado o 06/11/1420. Este Pedro de Lago di ser fillo dun Xoán Fernández de Lago e ter por irmáns a Gonzalo e a Lopo de Lago[10], aos que deixa diversas herdades e bens na terra de Trasancos. O aspecto que máis nos interesa destacar deste testamento é o legado do couto de Ciobre[11], sito tamén no Val, que lle fai ó seu irmán Gonzalo.

Gonzalo de Lago casou cunha Sancha Núñez e vén a ser o mesmo persoeiro que cita Vasco de Aponte do seguinte xeito: *"Y oy a çien años havia uno que se llamaba Gonzalo de Lago, que tenía quatro o çinco escuderos y vivía con el duque de Arjona, llamándose su pariente. Este fallescido no hubo después otro tal. Y por no querer vivir en la casa de Andrade, no les fue por eso mejor, porque vivían debajo de sus alas"*[12]. Non obstante, este e outros comentarios deslizados subrepticiamente por Aponte para 'abaixar' ós Lago chocan, cando menos un pouco, por canto no ano 1443 testemúñase a Gonzalo de Lago figurando no bando de Fernán Pérez de Andrade *o Mozo*[13].

Un dos fillos e sucesor de Gonzalo de Lago foi Fernando Ares de Parga, a quen o prior e monxes de Xuvia afóranlle no ano 1482 por dúas voces e vinte e nove anos máis a metade do beneficio curado de San Martiño de Valdetires[14] así como cinco oitavos de San Vicenzo de Meirás. Dous séculos despois o seu descendente, Pedro Pardo de Andrade I, disputa con Xuvia en preito[15] perante a Real Audiencia sobre a titularidade destos beneficios, pretendendo eran do seu dominio e anexos ó señorío de Baltar dende antigo[16]. Este preito contén un traslado do foro citado como unha das probas a exhibir polos monxes.

De Fernando Ares de Parga foi fillo Pedro Tenreiro de Lago -a quen tamén chaman nalgúns documentos Pedro Tenreiro de Belote-, quen foi señor do 'pazo vello' ou casa de Belote[17]

10. De Lopo de Lago, casado con Tareixa Vázquez, descenden os Lago afincados dende a primeira metade do século XV na terra de Bezoucos, quenes tiveron como casa solarenga de referencia a Obaño -Mugardos- e tamén, dende mediados do século XVI, o pazo de Barallobre -Fene-. A numerosa prole dos Lago de Bezoucos emparentou con outras liñaxes locais como os Chanteiro, os Anido-Solloso, etc. Sobre estos Lago de Obaño e Barallobre estou a preparar un pequeno traballo sobre un manuscrito do século XVII que ofrece abundantes e curiosos datos inéditos.

11. O couto de Ciobre permanecería en máns dos Lago/Tenreiro de Lago localizados posteriormente en Moeche. Sobre estes Lago ver MATESANZ BELLAS, Jesús. *Los Mesía de Moeche. Historias documentadas de una familia gallega desde el siglo XV al XIX*; Concello de Moeche – Deput. Prov. de A Coruña. Sada, 1994.

12. APONTE, ob. cit.

13. Comentario ao respecto e edición do documento en GARCÍA ORO, José. *Don Fernando de Andrade, Conde de Villalba (1477-1540)*; Xunta de Galicia, 1994. Ibi, pp. 39 e 219-221.

14. Antiga freguesía hoxe dentro de San Vicenzo de Meirás, no actual concello de Valdoviño.

15. ARG. RA, Preitos, Mosteiros, 58/52.

16. Neste preito atópanse referencias en diversas ocasións á descendencia de Fernando Ares de Parga, de quen deriva a casa de Baltar. A xeito ilustrativo considero de interese transcribir un pequeno texto de orde xenealóxica inserto nunha das follas: *"El foro se hizo a Fernán d-Ares. Este tuvo por hijo a Pedro Tenreyro de Velote y otros. De Pedro Tenreyro quedó Fernando de Lago. De Fernando de Lago, Arias Pardo. De Arias Pardo, Juan Pardo de Andrade. De Juan Pardo, Pedro Pardo que litiga. Todos fueron herederos los unos de los otros y las sincuras sobre que hes el pleyto bienen por herençia de Pedro Tenreyro, señor de la Casa de Velote. Consta todo de escripturas, testamentos y partijas entre hermanos".*

17. A casa forte de Belote derrubouse entre finais do século XVI e comenzos do XVII. Nas cercanías e probabelmente a xeito de sustitución erixiuse o pazo de Baltar. Merece a pena transcribir o seguinte texto -referente a esta vella casa solarenga de Belote- que aporta unha das testemuñas no preito de fidalguía dos Lago de Moeche, ano 1586: *"La qual dezían que hesta-*

á cal sempre se refiren os desta liñaxe como casa matriz, sita nun extremo da parroquia de Santa María a Maior do Val e lindando con San Vizenzo de Meirás. Este Pedro Tenreiro, que viviu nas derradeiras décadas do século XV alcanzando o XVI, casou con Violante Núñez de Montenegro. A sepultura deste matrimonio estivo na antiga igrexa do convento de San Francisco de Ferrol.

Na época que oscila entre Fernando Ares de Parga e o seu fillo Pedro Tenreiro de Lago localizamos xa unha triple partición do que tempo atrás seguramente fora unha unidade patrimonial. Se cadra, hai certos indicios que permiten supoñer esta división con anterioridade incluso a estos persoeiros. Sexa como sexa, nas décadas que van dende 1470 a 1500 vemos aos seguintes coutos independentes entre si:

- Baltar, que tiña como solarenga a casa de Belote en posesión de Fernando Ares de Parga e do seu sucesor Pedro Tenreiro de Lago.
- Ciobre, en mans de Pedro de Lago e logo do seu fillo Abel de Lago I, veciños de Moeche.
- Vilacornelle[18], que tiña tamén unha antiga torre, en posesión de Milia López de Lago -muller dun Xoán Pita da Veiga[19]- e logo das súas fillas María Fernández da Veiga[20] e Tareixa Vázquez[21].

Cómpre salientar que na mesma parroquia ao menos dende comenzos do século XV coexistía cos tres anteriores o que se nomeaba como couto do Val, en posesión da casa de Lemos.

O matrimonio Pedro Tenreiro – Violante Núñez tiveron varios fillos. Destes, os mellor testemuñados son:

1- Fernando de Lago, que segue a liña e do que se fala máis abaixo.
2- Pedro Tenreiro de Lago, quen foi crego e reitor de San Martiño de Vilarrube (Cedeira). Outorgou testamento[22] o 27/07/1556, polo cal fundou o morgado e vínculo de Liñeiro (Vilarrube). No mesmo testamento dános a noticia de ser o fundador da capela da

va sita en tierra de Tresancos a dos leguas dela tierra de Moeche poco más o menos, (...) y heste testigo avía oydo deçir / que al presente hestava sin moradores, e que quando la bió paresçía que hera un palaçio grande de piedra, e no se acordava de aver visto armas más de que avía oydo deçir que tenía por armas unas flores de lis y una dama con una espada en la mano (...)". AHN. SH, 1797.

18. Para estes e outros datos contei coas axudas inestimabeis achegadas por D. Álvaro Santaló e Osorio de Albaredo, señor do pazo de Aranza -Neira de Xusá, Lugo-, quen puxo á miña disposición a documentación do seu arquivo correspondente ao morgado dos Pita da Veiga/Pita do Vilar; e tamén por parte de Gabriel Pita da Veiga e Goyanes, infatigabel e acertado investigador nos últimos tempos.

19. Matrimonio testemuñado no ano 1462 nun foro do mosteiro de Sobrado sobre a antiga granxa da Reparada en Cobas -Ferrol-. AHN. Monasterios, 52, 11.

20. Muller de Pedro de Morado, rexedor da vila de Ferrol, e pais do afamado Alonso Pita da Veiga héroe da batalla de Pavía.

21. Muller de prateiro Pedro Vidal, veciños da vila de Ferrol.

22. Testamento outorgado en Santiago de Compostela o 27/07/1556 perante Pedro Fernández de Villalba, escribán público de A Coruña (ARG, RA, Preitos, 2160/3).

Concepción no mesmo lugar de Liñeiro[23] *"donde se dize la fuente del Encorgadoiro"*, coñecida máis popularmente como 'Capela da Fame' e que nos últimos anos púxose en relación co *camiño de san Andrés* e adxudicouse, erroneamente, á fundación dos Andrade de San Sadurniño. No ano 1570 sucedeu neste vínculo de Liñeiro Xerónimo Pardo de Lago[24], casado con Xoana de Lago[25], despois de que por medio houbérano en usufructo o bacharel Maldonado e Dª. Xoana Díaz de Lemos, veciña de Betanzos, por mandado testamentario do dito crego fundador.

Fernando de Lago[26], fillo de Pedro Tenreiro e de Violante Núñez, levou a casa de Belote así como parte do couto de Baltar. Este persoeiro, de moita ascendencia e repercusión na vila de Cedeira e proximidades onde foi alcalde, viviu entre finais do século XV e primeiras décadas do XVI. Casou con María Fernández da Dorna e mandáronse enterrar na igrexa de Santa María do Mar de Cedeira[27].

Fillo herdeiro e sucesor de Fernando de Lago no couto de Baltar e na casa de Belote foi Ares Pardo de Lago, quen casou con Dª. Catalina de Andrade -unha das fillas do II Señor de San Sadurniño Xoán Freire de Andrade e Lanzós e de Dª. María de Losada e Valcarce-. O matrimonio formado por Ares Pardo e Dª Catalina de Andrade aveciñáronse en Cedeira, onde Ares Pardo foi tamén alcalde, e durante o matrimonio comenzaron a construír unha ampla casa ou pazo nesta vila que rematou Dª Catalina xa viúva.

Convén agora citar un preito de comenzos do século XVII, que abunda nos aspectos da partición do couto de Baltar entre os fillos de Pedro Tenreiro de Lago -ou de Belote- e a reunificación do mesmo polo seu neto Ares Pardo, xa que logo: *"(...) el dicho Ares Pardo de Lago, ansí se casó con la dicha doña Catalina, no tenía más de una pequeña parte del coto de Baltar y bienes de Trasancos y sincuras del Bal por no tener en ellos más dela parte que pertenesçía a Fernando de Lago, su padre, por Pedro Tenrero de Lago que tenía otros más hixos, a quien hel dicho Ares Pardo después de casado y belado con la dicha doña Catalina compró la parte que tenían en los dichos bienes, como fue a Pedro Tenrero de Belote y a Pedro Tenrero de Lago hijo del dicho Pedro Tenrero de Belote y a Sancha Núñez, vezina del condado de santa Marta, a quien pertenesçía la otra parte (...)"*[28].

23. *"Yten mando haçer una hermita en el casal de Liñeiro, en el lugar de donde se dize la fuente del Encorgadoiro adonde está señalado, dela abocación de la Conçepción de Nuestra Señora Virgen María (...)"*. ARG. RA, Preitos, 2160/3.

24. Xerónimo Pardo de Lago foi fillo natural do crego Pedro Tenreiro de Lago. Por máis que nos seus respectivos testamentos non aparece esta filiación, sabémolo a través da testemuña dunha das fillas de Xerónimo Pardo no ano 1620 (ARG. RA, Preitos, 21674/71).

25. Xoana de Lago descendía dos Lago de Moeche. No vínculo de Liñeiro -e na capela suxeita a este- sucedería logo Pedro Pardo de Lago, fillo segundo deste matrimonio, e os seus descendentes.

26. Sobre os Lago en Cedeira ver USERO, Rafael: *Sir Lanzarote do Lago e a súa proxenie cedeiresa.* Cedeira, 1986. Tamén do mesmo autor o artigo "La villa cedeiresa conserva 'in situ' varias piedras heráldicas que reflejan su historia"; no xornal *La Voz de Galicia* do 15/08/1990, ed. Ferrol-Ortegal, p. 27.

27. A igrexa matriz de Cedeira reedificouse entre a terceira e cuarta década do século XVI por Fernando de Lago xunto co seu fillo Ares Pardo de Lago, segundo declara este último no seu testamento.

28. ARG. RA, Preitos, 21463/22.

Ares Pardo de Lago finou en Cedeira no mes de setembro de 1563. Tres anos antes, o 09/04/1560, outorgara testamento na granxa de Pol (Ortigueira) perante o escribán Paulo Fernández.

Cómpre aquí facer unha chamada de atención, por canto Ares Pardo tivo un fillo natural chamado Xoán Pardo de Lago[30], crego de Aviño (Valdoviño) e de Senra (Ortigueira), o cal foi nomeado titor dos seus medios irmáns. A súa madrasta, Dª Catalina, deixóuno así disposto no seu testamento onde manifesta a consideración que lle tiña. Este Xoán Pardo de Lago tería sumo protagonismo á hora de encarrilar o futuro da casa de Baltar, xa que velaría certeiramente polos intereses do seu medio irmán e morgado Xoán Pardo de Andrade, acrecentando a fortuna deste e nomeándoo seu herdeiro.

Cedeira. Armas cos brasóns de MONTENEGRO, ANDRADE, OSORIO e PARGA atribuídas polo historiador R. Usero[29] ao matrimonio Ares Pardo de Lago – Dª. Catalina de Andrade -s. XVI-

Dª Catalina de Andrade finou en Cedeira o 22/09/1567 onde outorgara testamento pechado un mes e medio antes[31], deixando por titor dos seus fillos menores ao seu irmán Pedro de Andrade e Castro, III señor de San Sadurniño, e tamén moi principalmente ao seu fillastro Xoán Pardo de Lago arriba citado. Fillos[32] do matrimonio entre Ares Pardo de Lago e Dª Catalina de Andrade foron:

1- Fernando de Lago, que finou mozo.
2- Xoán Pardo de Andrade -tamén apelidado Freire de Andrade nalgúns documentos-, que segue a liña, fundador do morgado da casa de Baltar.
3- Dª. Inés de Castro e Andrade, que casou con Alonso de Losada e foron veciños de Chantada (Lugo).
4- Dª. Beatriz de Castro e Andrade, que casou con Iván Bernaldo de Navia e Quirós e foron veciños do Principado de Asturias, con sucesión.
5- Dª. María de Andrade, que casou co licenciado Agustín Guedeja.

29. USERO, artig. cit. no xornal La Voz de Galicia.

30. Xoán Pardo de Lago outorgou testamento na vila de Neda o 04/09/1578, finando na súa casa de Aviño -Valdoviño- arredor das 14:00 h. do día 23/12/1579.

31. ARG. RA, Preitos, 1385/67. Testamento outorgado en Cedeira, 08/08/1567.

32. Esta relación dos fillos coa orde que sigo é a que consta no testamento de Ares Pardo de Lago.

Escudo do antigo pazo de Barallobre -Fene-. Detalle dos brasóns propios dos LAGO: Unha torre sumada dunha figura humana empuñando unha espada e tres flores de lis[33] (s. XVI)

Xoán Pardo de Andrade, *I señor de Baltar*

Nado en Cedeira entre 1552-53, onde foi veciño regularmente, Xoán Pardo de Andrade débese considerar como o verdadeiro fundador, que foi, do morgado de Baltar. Outro tanto por canto comenzou a facer a casa que logo remataría o seu fillo Pedro e que coñeceuse como pazo de Baltar. Xoán Pardo outorgou testamento na vila de Cedeira o día 04/05/1586 e finou bastantes anos despois, na súa casa de Baltar, entre o 28-29/08/1615. No seu testamento di explicitamente que non estivera casado e que tiña até tres fillos naturais doutras tantas mozas solteiras[34]. No mesmo funda vínculo e morgado sobre a súa facenda a favor do maior dos seus fillos naturais, que foron:

1- Pedro Pardo de Andrade, que segue a liña.
2- Xoán Pardo de Andrade, do cal non teño máis noticias.
3- Dª Antonia Pardo e Andrade, á cal tivo en Mariña Fernández. Dª Antonia casou co capitán Pedro Sánchez de Lama e Andrade, veciño de Ribeiras do Sor, con sucesión.

Hacia o ano 1600, en tempos de Xoán Pardo de Andrade, o couto de Baltar coa súa xurisdición medía *"de más de media legua de tierra, tierra llana y apacible y de mucho deleite de pan, carnes, frutas y de gente rica"*, e tiña *"onze vasallos casados con su casa e morada cada uno dellos"* que pagaban por razón da vasalaxe *"un toçino y un carnero y quatro gallinas en cada un año"*. Ao tempo dicíase deste couto que *"no fue comprado ni adquerido de nuevo, antes es de patrimonio y abolengo antigo e ynmemorial delos antepasados del dicho Juan Pardo*[35] *y dona Veatriz*[36] *y de la casa y solar de Belote a donde desçienden, y una cosa de mucho preçio y estima para los desçendientes dela dicha casa"*[37].

33. Máis precisións sobre esta peza e outros referentes en DOPICO BLANCO, Fernando. "Heráldica na comarca de Ferrol. Algúns exemplos da súa evolución"; en *Atenea* nº. 21 -revista trimestral do Ateneo Ferrolán-, Ferrol, outubro 2005.

34. Esto invalida todas as xenealoxías que diversos especialistas, estudiosos e afeccionados deron até o presente sobre a casa de Baltar e nas que poñíase a Xoán Pardo como home casado.

35. Xoán Pardo de Andrade.

36. Dª. Beatriz de Andrade, irmá do anterior.

37. ARG. RA, Preitos, 21465/22.

PEDRO PARDO DE ANDRADE I, *II SEÑOR DE BALTAR*

Quen polo ano de 1615 ao pouco de morrer seu pai andaba fóra do reino. Casou con Dª Ana Pardo Maldonado e Lama[38] e figuran xa como veciños do pazo de Baltar. Pedro Pardo de Andrade outorgou testamento o 08/06/1641 perante o escribán Pedro Fernández. Do seu matrimonio, entre outros fillos, quedaron:

1- D. Pedro Pardo de Andrade, que segue a liña.
2- D. Francisco Pardo de Andrade, veciño de Valdetires (Valdoviño).
3- D. Xoán Pardo de Andrade, residente en Valdetires (Valdoviño).

D. PEDRO PARDO DE ANDRADE II, *III SEÑOR DE BALTAR*

Casou con Dª. Madalena Montenegro e Taboada[39], filla de Xoán Piñeiro de Lago e de Dª Dorotea Montenegro e Taboada, donos do pazo de Obaño (Mugardos).

Xa viúva, Dª. Madalena Montenegro vivía no pazo de Baltar, onde polo ano de 1690 outorga un foro por razón de alimentos ao seu fillo D. Ambrosio. Este foro contiña parte da sincura de San Martiño de Andrade e de San Lorenzo de Irixoa, así como diversos bens e facenda distribuidos entre o couto de Nogueirosa e a súa freguesía, xunto con Santa María de Ombre e couto de Breamo, todos os cales eran *"libres y capitales"* da outorgante. No ano 1702 Dª. Madalena deu carta de pago e fixo doazón das referidas sincuras e bens ao citado D. Ambrosio[40].

Os citados D. Pedro Pardo de Andrade II e Dª. Madalena Taboada e Montenegro tiveron cinco fillos, que foron:

1- D. Pedro Pardo de Andrade III, que herdou o señorío de Baltar e que segue.
2- D. Xoán Pardo de Andrade, que casou en Pontedeume con Dª. María Maldonado Ponce de León[41], irmá de D. Gaspar Maldonado, e non tiveron sucesión.

38. Descendente dos Pardo Maldonado que ficaran en Pontedeume. A este respecto ver USERO GONZÁLEZ, Rafael & BREIXO RODRÍGUEZ, X. Carlos. "Un exemplo da movilidade familiar nos séculos XV e XVI. Seixas, Lago, Timiraos, Montoxos, Piñeiros e Alfeiráns …"; en *Cátedra* nº. 12, Pontedeume, 2005.

39. Irmá de Dª. Madalena foi Dª. Isabel Montenegro e Taboada, quen casou con D. Álvaro de Rivera e tiveron sucesión no citado Pazo de Obaño De seguido, por consideralo de interese e desfacer algún entorto xenealóxico en máis dunha obra, expoño os ascendentes de Dª. Madalena e Dª. Isabel:
- Avós paternos: Antonio Piñeiro de Lago e Andrade e Dª. María de Ulloa e Vilouzás, descendente da casa dos Piñeiro en Franza (Mugardos).
- Avós maternos: Xoán Pernas Serantes Faxardo e Dª. Isabel Taboada Montenegro, casados hacia o ano 1600 e veciños de San Xiao de Senra -Ortigueira-. Os pais de Dª. Isabel eran Gregorio Sanxurxo Montenegro e Isabel González Taboada, donos do pazo de Caldaloba -Lugo-, sendo seu irmán D. Gregorio Díaz de Montenegro, señor de Caldaloba, que adotou con cincocentos trinta ducados para casar (ARG. RA, Preitos 1467/7).

40. ACNC. Prot. 271/1702/Ferrol/Cobas Mosquera, Ignacio.

41. Esta señora aparece tamén cos apelidos Pardo de Castro Ponce de León.

3- D. Ambrosio Pardo de Andrade, que casou con Dª. María Pardo de Lago, filla do capitán D. Antonio Pardo de Lago e de Dª María Núñez Tenreiro, veciños de San Martiño de Dorneda na xurisdicción de Miraflores (A Coruña). Deles descenden os Pardo de Andrade do pazo de Xaz.
4- Dª María Pardo de Andrade, que casou no ano 1685 con D. Fernando Ponce de León[42] e tiveron por fillo a outro D. Fernando Ponce de León.
5- Dª Dorotea Pardo de Andrade, que casou con D. Pedro Teixeiro e foron veciños de Caamouco.



Capela de San Xoán de Baltar. Mausoleo coas armas de ANDRADE e MOSCOSO (s. XVIII)

42. Fillo do sarxento maior Fernando Ponce de León e de Dª Xoana Pardo de Cela, veciños que foran de Luama -Ortigueira.

D. Pedro Pardo de Andrade III, *IV señor de Baltar*

Casou con Dª María Antonia de Moscoso e Ulloa[43]. A súa filla herdeira foi Dª Xosefa Caetana, que segue.

Dª. Xosefa Caetana Pardo de Andrade e Moscoso, *V señora de Baltar*

Casou con D. Xosé Xacinto de Quindós e Andrade, III marqués de San Sadurniño, co cal casamento xunguíuse o morgado da casa de Baltar ao de San Sadurniño, andando xuntos *"en una sola cabeza"* dende o entón.

CASA DE SAN SADURNIÑO

A **casa de San Sadurniño**, con referencia tradicional ao apelido **Andrade**, comenza a soar no abrente do século XVI. O matrimonio entre **Fernando de Andrade** e **Dª. Inés de Castro e Lanzós** serve como recoñecido e documentado punto de partida para esta casa e liñaxe. Non obstante, suscítanse unha serie de interrogantes para o período anterior, sobre todo no que se refire ós até agora enigmáticos ascendentes[44] de Fernando de Andrade e, tamén, unha máis que fundada sospeita con respecto a súa situación en relación cos bens fundacionais do morgado. A pregunta formúlase nos seguintes termos. Os bens primitivos sobre os que se sustentou a casa de San Sadurniño, ¿pertencían ao avoengo de Fernando de Andrade ou á herdanza da súa muller Inés de Castro e Lanzós? ...

Un preito do ARG[45] veu na nosa axuda ao descubrirnos que os pais de Fernando de Andrade[46] chamábanse Roi Freire de Andrade e Dª. Isabel de Castro, da cal dise nun documento que era curmá dun bispo mindoniense chamado D. Pedro. Por outra banda, asegúrasenos que os pais de Dª. Inés eran Alonso de Lanzós e Dª. María de Castro, dato xa contrastado con anterioridade por outros investigadores e obrante en moitas fontes. Pero, amáis, neste documento dísenos que Alonso de Lanzós era fillo de Xoán Freire de Lanzós, esbozando unha filiación ascendente para esta liñaxe que pasamos a expoñer e que está en relación directa con un dos bens fundacionais do morgado de San Sadurniño, o couto das Somozas[47] e o beneficio da freguesía de Santiago

43. Os seus pais foron D. Antonio de Moscoso e Omaña e Dª. Luisa de Castro e Ulloa, veciños de Fazouro (Lugo), quenes no ano 1695 dotaban á súa filla con catro mil ducados para casar con D. Pedro, segundo carta outorgada nas "casas y palacios de Fontao" onde residían. Estos señores son tamén ascendentes dos Moscoso, logo condes de Fontao.

44. A teor da documentación, cómpre poñer en corentena aos pretendidos pais e avós deste persoeiro que se atopan nos estudios xenealóxicos de diversos autores, xa que non se aportan probas documentais demostrativas de parentesco. Ver aquí máis adiante.

45. ARG, RA, Preitos, 1255/3.

46. Fernando de Andrade debeu de ter polo menos unha irmá, xa que no ano 1492 se cita a un Fernando de Galdo como seu cuñado.

47. No actual concello de As Somozas.

Igrexa de Santa María de San Sadurniño (exterior). Armas cos brasóns de ANDRADE, LANZÓS e CASTRO (s. XVI-)

no mesmo couto. Polo de pronto sabemos que a mesa episcopal de Mondoñedo posuía o couto e xurisdición de Santiago Deseré das Somozas, así como as ¾ partes do beneficio da mesma freguesía. Segundo o documento que seguimos, o bispo mindoniense D. Vasco[48] aforaba estos bens no ano 1346 en primeiro termo a Fernán López de Lanzós[49] e ao seu fillo García López. Seguidamente cincuenta anos despois, 1396, o bispo D. Lope[50] afora o mesmo couto e beneficio a un Pedro García de Valcárcel e Balboa. Este segundo aforamento ofrece un dilema por canto, aparentemente, o contrato semella marcharse fóra do ámbito familiar dos Lanzós. Se ben, segundo se relata no documento, suceden logo neste foro Xoán Freire de Lanzós e o seu fillo Alonso de Lanzós, co cal entra de novo plenamente na órbita desta liñaxe. Despois, un enigmático bispo D. Pedro[51] outorga este foro a Roi Freire de Andrade e a Dª Isabel de Castro -da que dise era prima deste bispo- pasando logo a Fernando de Andrade e a Dª Inés de Castro e, por último, a Xoán Freire de Andrade e Lanzós en quen renóvase este foro polo bispo D. Fr. Antonio de Guevara, que tivo a ben facer constar por escrito estos datos.

48. Bispo entre 1343-1346. Ver CAL PARDO, Enrique. "Episcopologio mindoniense. Baja Edad Media"; en *Estudios Mindonienses* nº. 14, 1998.

49. Fernán López de Lanzós estivera casado con Mariña Pérez de Lago, a cal xa viúva no ano 1368 vendeu a Lopo Núñez de Montenegro e á súa dona diversas propiedades na zona de Vilalba. Mais datos en PORTELA SILVA, Mª. José & GARCÍA ORO, José: *La Iglesia y la Ciudad de Lugo en la Baja Edad Media*; (Cuadernos de Estudios Gallegos, anexo XXIV) CSIC-IPSEG, Santiago de Compostela, 1997.

50. D. Lope de Mendoza, bispo entre 1393-1399. CAL PARDO, Enrique. "Episcopologio mindoniense …"; *ob. cit.*

51. ¿De qué bispo se trata?; ¿de D. Pedro Enríquez de Castro (1427-1445) ou do seu sucesor D. Pedro Ares de Vaamonde (1446-1448)? Lamentabelmente no manuscrito do ARG non se nos di nada ó respecto. A proposición dalgún destes dous bispos resulta de imposibilidade do ano 1488 -especificado nese documento- con referencia a un bispo D. Pedro e aos pais de Fernando de Andrade, xa que nesa época o bispo de Mondoñedo era D. Fadrique de Guzmán (1457-1493). Outro bispo de Mondoñedo con este nome foi D. Pedro de Munébrega (1498-1505), que debemos descartar tamén por evidentes razóns cronolóxicas. Sobre estos bispos CAL PARDO, "Episcopologio …", *ob. cit.*

Igrexa de Santa María de San Sadurniño. Armas de LANZÓS e CASTRO no sartego de Dª. Inés de Castro e Lanzós (s. XVI)

Como é sabido no medio da vida de Alonso de Lanzós[52] interpúxose a segunda Revolta Irmandiña, da que foi triunviro e destacado protagonista. Se ben o estrelato irmandiño costoulle moi caro e tivo que rumiar a súa desesperación ollando como o conde de Lemos e Diego de Andrade quitábanlle as súas posesións[53] en vinganza. Esta inquedanza de futuro para a súa descendencia está presente no seu testamento[54], que outorgou o 21/05/1480 na cidade de A Coruña dentro da casa do mercader Xoán de Dios onde se atopaba recollido e postrado de enfermidade[55], mandando que o enterrasen no convento de San Francisco de A Coruña onde di que descansaban os seus devanceiros. No mesmo testamento declara que estivera casado en primeiras nupcias con Dª Constanza[56], da que houbera unha filla chamada Dª. María[57] á cal deixa as posesións que tiña en

52. Alonso de Lanzós era fillo de Xoán Freire de Lanzós e dunha Dª Isabel de Castro que era irmá de Dª. Beatriz de Castro -muller do cabaleiro ourensán García Díaz de Cadórniga-. Esta Dª Beatriz de Castro no seu testamento di: *"Yten deyxo, nomeo et declaro por meu unibersal herdeiro a Afonso de Lençoos, meu sobrinno, fillo de Juan Freyre de Lençoos et de minna yrmaa dona Ysabel de Castro, sua moller, madre do dito Afonso de Lençoos, ao qual deyxo et nomeo por meu legitimo et unibersal herdeiro en todos meus bees mobles et rayzes et herençia a mi perteesçentes asy enos que agora tenno e poseo commo en outros quaesquer bees mobles et rayzes, coutos, vasalos, senorios, juridiçion, vasalajen et presentaçoos a mi perteesçentes en este Regno de Galicia de que estou per força despojada (...)".* VAQUERO DÍAZ, Mª. Beatriz. *Colección Diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*; Tomo II. Concello de Celanova-Universidade de Vigo, 2004. Ibi nº. 670. Ourense: 03/01/1478.

53. Detalles sobre este asunto en AHUS. Casa de Montaos, Testamentos-Curadorías, c. 17, p. 1.

54. Traslado deste testamento en AHUS. Casa de Montaos, Testamentos-Curadorías, c. 17, p. 1/57-63.

55. Este interesante dato elimina todas as hipóteses máis ou menos fantasiosas e nunca documentadas que sosteñen unha morte violenta para Alonso de Lanzós por orde de Diego de Andrade.

56. ¿Constanza Vázquez de Insua?

57. Dª María de Lanzós xa estaba casada polo ano 1492 con Sancho López de Ron -semella que en segundas nupcias deste señor-. Deste matrimonio quedou sucesión.

Ourense, e máis casar en segundas con Dª María de Castro e de Montaos[58] de cuxo matrimonio quedaban catro fillas que nomea: Dª Inés, Dª Leonor, Dª Xoana e Dª Isabel.

No ano 1492 Dª. María de Castro, xa viúva de Alonso de Lanzós, seguía a reclamar os bens do seu marido que permaneceran secuestrados polo conde de Lemos e por Diego de Andrade. Pola mesma documentación sabemos que nese mesmo ano Dª. Inés xa estaba casada con Fernando de Andrade, quen aparece como parte na reclamación. Segundo lembra Dª. María, Diego de Andrade encarnizado inimigo do seu home *"por fuerça e violencia mano armada le despojó e desapoderó dela dicha su posesión"*. Estos bens de Alonso de Lanzós, obxecto de reclamación que tiña herdados polo seu pai Xoán Freire de Lanzós, eran.

- A casa forte de Lanzós[59], e outras[60] …
- Os coutos de San Sadurniño[61], Ferreira[62], e San Martiño[63] *"con todos sus vasallos, señorío e jurisdición çevil e creminal ..."*.
- Os padroados e beneficios de Lanzós[64], San Sadurniño[65], O Deveso[66], San Cristobo de Ferreira[67], San Xiao de Ferrol[68], San Xurxo da Mariña[69], San Xoán de Esmelle[70], Santa Uxía de Mandiá[71] e San Mateo[72].

Como veremos, a meirande parte destos bens formarán parte poucos anos despois do morgado fundacional da casa de San Sadurniño.

58. Dª. María de Castro e de Montaos era unha das fillas do cabaleiro Pedro Bermúdez de Montaos, señor dos estados de Montaos e de Dubra, e de Dª. Leonor de Castro. Cómpre non confundir a este Pedro Bermúdez co seu fillo primoxénito do mesmo nome e apelidos, alcumado o Gafo, que herdou a casa de Montaos e finou sen sucesión, polo cal recaeu este señorío no seu irmán Fernando Bermúdez de Castro, deán da colexiata de Santa María do Campo de A Coruña e arcediago de Nendos, quen tivo como fillo natural -lexitimado polos Reis Católicos- a outro D. Pedro Bermúdez de Castro que sucedeu na casa de Montaos. Documentación sobre estos persoeiros en AHUS. Casa de Montaos, Testamentos-Curadorías, c. 17, p. 1.

59. Casa forte ou torre de Lanzós na parroquia de San Martiño de Lanzós, no actual concello de Vilalba.

60. Non se especifican. Pero por outra documentación parella pódese afirmar que a torre das Mestas, en Somozas, era unha delas.

61. Couto de San Sadurniño, no actual concello de San Sadurniño.

62. Couto de Ferreira, no actual concello de San Sadurniño.

63. Couto de San Martiño de Cerdido, no actual concello de Cerdido.

64. San Martiño de Lanzós, no actual concello de Vilalba.

65. Santa Eulalia de San Sadurniño, antiga advocación parroquial que desapareceu logo -por mediación de Fernando de Andrade- no canto da actual Santa María de San Sadurniño.

66. Santa María do Deveso, no actual concello de As Pontes.

67. Pertencente á parroquia de San Paio de Ferreira, no actual concello de San Sadurniño.

68. Parroquia matriz da vila de Ferrol.

69. Parroquia no actual concello de Ferrol.

70. Parroquia no actual concello de Ferrol.

71. Parroquia no actual concello de Ferrol.

72. San Mateo de Trasancos, parroquia no actual concello de Narón.

Igrexa de San Martiño de Cerdido (exterior). Xabarín totémico dos ANDRADE e armas da casa de San Sadurniño: ANDRADE, LANZÓS e CASTRO (s. XVI)

Con respecto á teimuda e valente Dª María de Montaos cómpre salientar que outorgou testamento[73] no convento de Santo Domingo da vila de Pontevedra o 21/06/1500.

FERNANDO DE ANDRADE[74], *I SEÑOR DE SAN SADURNIÑO*

A saga de San Sadurniño comenza por Fernando de Andrade, coetáneo e homónimo do seu parente D. Fernando de Andrade e das Mariñas, Conde de Vilalba e de Andrade. Esta coincidencia espacial, cronolóxica e de nomes -nada rara polo demáis- fixo que en numerosas ocasións confundiran a un e outro, cun saldo especialmente negativo para o de San Sadurniño no canto da rutilante figura do seu parente o señor de Pontedeume. É así que en diversas ocasións tense identificado por diversos documentalistas e historiadores como conde de Andrade a quen en realidade era o señor de San Sadurniño. A esto axudou o feito de que os datos e documentos localizados ou publicados até a actualidade arredor de Fernando de Andrade e da casa de San Sadurniño son realmente parcos. A súa actividade semella que transcurre discretamente a teor das fontes documentais. No ano 1483 Fernando de Andrade xa estaba activo na vida pública, recibindo un foro[75] do mosteiro de Oseira sobre o casal de Fragoso sito en Santalla de Cervo -Cedeira-.

Como xa quedou dito, Fernando de Andrade casou en primeiras nupcias con Inés de Castro e Lanzós[76]. No ano 1506 fundaron conxuntamente o convento de Santa María de San Sadurniño[77],

73. Traslado do testamento en AHUS. Casa de Montaos, Testamentos_Curadorías, c. 17, p. 1/42-47.

74. Aparece co apelido Freire de Andrade nalgunha referencia documental posterior á súa vida.

75. Foro do 15/X/1483. Este foro herdouno na seguinte voz Xoán Freire de Andrade, quen integrouno na dote da súa filla Dª Catalina de Andrade para casar con Ares Pardo de Lago.

76. Os sartegos e xacentes de Fernando de Andrade e Dª. Inés de Castro e Lanzós, ambos anepígrafes, se conservan na igrexa de santa María de San Sadurniño. A súa ubicación e disposición é a orixinaria, segundo un manuscrito do ano 1716: *"Y asimesmo bieron, allaron y es cierto que en la pared del lado dela epístola dela mesma capilla maior ay un nicho* -refírese ó de Xoán Freire de Andrade e Lanzós- *y dos nichos en la pared dela mesma capilla maior al lado del evangelio* -os de Fernando de Andrade e Dª Inés de Castro-, *que en todos son tres, con su figura o retrato de piedra que les cubre todo (...)"*. ARG. RA, Preitos, 1267/40.

77. Hoxe está probado documentalmente que San Sadurniño foi unha bailía templaria durante a Idade Media. A fundación do convento de San Sadurniño así como as súas vicisitudes posteriores foron estudiadas detida e documentadamente por VAAMONDE LORES, César. "El convento de San Saturnino"; *ob. cit.*

que suxeitaron á observancia de coéngos regulares de Santo Agostiño. Dotaron ao convento cos froitos e décimos procedentes das seguintes sincuras e padroados:

½ de San Simón[78].
¾ de San Martiño de Cerdido[79].
1/8 de Santa María de Castro[80].
1/6 de San Mateo de Trasancos[81].
1/3 de San Xoán de Esmelle[82].
¼ de San Xoán de Moeche[83].
2/3 de San Salvador de Limiñón[84].
¼ de San Miguel e Santa Eulalia de Aviño[85], así como de San Mamede de Atios[86].
½ de Santa María de Neda[87].

Do matrimonio entre Fernando de Andrade e Dª. Inés de Castro e Lanzós quedaron os seguintes vástagos:

1- Xoán Freire de Andrade e Lanzós, fillo primoxénito que herdou o morgado de San Saduniño e que segue a liña.
2- Fernán Pérez de Andrade.
3- Pedro Bermúdez de Castro, crego reitor das freguesías de San Román de Montoxo e san Cosme de Cervo na terra de Cedeira.
4- Alonso de Lanzós.
5- Antonio de Andrade.
6- Nuño Freire de Andrade.
7- Dª Isabel de Andrade, que casou con Pedro de Miranda.
8- Dª Constanza de Andrade, quen tivo por fillo a un Diego de Andrade.
9- Dª Tareixa de Andrade.
10- Dª María de Andrade, monxa en San Paio de Antealtares -Santiago de Compostela-.
11- Dª Beatriz de Andrade.
12- Dª Inés de Andrade.

78. San Simón da Costa, no actual concello de Vilalba.

79. Parroquia no actual concello de Cerdido.

80. Parroquia no actual concello de Narón.

81. Parroquia no actual concello de Narón.

82. Parroquia no actual concello de Ferrol.

83. Parroquia no actual concello de Moeche.

84. Parroquia no actual concello de Abegondo.

85. Parroquia no actual concello de Valdoviño.

86. Freguesía anexa á parroquia de Aviño, no actual concello de Valdoviño.

87. Parroquia no actual concello de Neda.

Outro enigma na vida de Fernando de Andrade resulta ser o seu segundo enlace, até o de agora nunca sabido nin publicado. Así, temos que en segundas nupcias Fernando de Andrade casou con Dª Berenguela das Mariñas, unha das fillas de Fernán Pérez Parragués[88] e de Dª Constanza das Mariñas. Fillos deste segundo matrimonio entre Fernando e Dª Berenguela foron:

1- Gómez Pérez de Andrade, a quen probabelmente debemos de identificar con Gómez Freire de Andrade, alcalde de Ferrol que casou con Beatriz de Serantes -señora da casa do seu apelido- os cales fundaron o morgado de Serantes, con sucesión.
2- Diego de Andrade.
3- Dª Bárbara de Andrade.
4- Dª Xoana de Andrade.
5- Dª Xenebra de Andrade.

Igrexa de Santa María de San Sadurniño. Arcosolio e moimento de Xoán Freire de Andrade e Lanzós, II señor de San Sadurniño (+ a. 1548)

XOÁN FREIRE DE ANDRADE E LANZÓS, *II SEÑOR DE SAN SADURNIÑO*

Casou con Dª. María de Losada e Valcarce[89]. Xoán Freire continuou a redondear o morgado de San Sadurniño, logrando no ano 1544 a venda dos vasalos e cercanos coutos de Pedroso,

88. Fernán Pérez Parragués era señor da casa de Parga.

89. Ascendentes de Dª. María de Losada e Valcarce: Os seus pais foron Gómez Ares de Castelo e Dª. María de Losada. Á súa vez, este Gómez Ares de Castelo era neto do cabaleiro Lope Pérez de Castelo e dunha Constanza García de Valcarce -filla dun dos García Rodríguez de Valcarce-, quenes fundaron a capilla de los Santos no mosteiro de San Francisco de Villafranca del Bierzo –León- á que un seu descendente no século XVII refírese como capilla de los Andrade. Estos datos xenealóxicos consígnanse no testamento de Luis de Andrade (+ a. 1571), un dos fillos de Dª. María e de Xoán Freire de Andrade.

Doso, Sedes e Piagolongo polo cabido de Mondoñedo -coutos anteriormente en posesión do mosteiro de Pedroso[90]-.

Xoán Freire outorgou testamento[91] o 3/05/1548 perante o escribán Gonzalo Tenreiro, finando[92] no mesmo ano.

Xoán Freire de Andrade e Dª. María de Losada e Valcarce tiveron por fillos a:

1.- Pedro de Andrade e Castro I, cuxa liña seguimos máis abaixo.
2.- Luis de Andrade, que casou con Dª Antonia Osorio e foron veciños de Villafranca del Bierzo. Tiveron por fillos a D. Xoán de Andrade, D. Felipe de Castro e D. Alonso de Lanzós. Polo testamento de Luis de Andrade, outorgado en Villafranca o 15/04/1571, sabemos que tivo tamén un fillo natural chamado Xoán Bermúdez ao cal destina para crego.
3.- Dª Catalina de Andrade, que casou con Ares Pardo de Lago, cuxa sucesión estudiamos na Casa de Baltar.

Pedro de Andrade e Castro I, *III señor de San Sadurniño.*

O perfil un tanto despótico e algunhas rumbosas anécdotas deste persoeiro atópanse na obra citada de Vaamonde Lores sobre o convento de San Sadurniño. Disputou cos seus parentes da casa de Montaos sobre aquel morgado, que retivo algúns anos no seu poder alegando dereitos como descendente[93]. Casou con Dª María Osorio e tiveron por fillos a:

1- D. Antonio Bermúdez e Lanzós, que sucedeu no morgado.
2- D. Diego de Andrade Osorio e Castro, que herdou ao seu irmán e segue a liña.
3- D. Xerónimo de Castro.

Pazo de San Sadurniño. Traseira do edificio antigo

90. Máis datos sobre este tema e outros relacionados en CAL PARDO, Enrique. *El monasterio de San Salvador de Pedroso en tierras de Trasancos:* Deput. Prov. de A Coruña, 1984. Cómpre aquí avisar de que nalgunhas pasaxes desta importantísima obra de Cal Pardo se confunde inevitablemente a Fernando de Andrade de San Sadurniño co seu parente homónimo o conde de Andrade, o cal se debe ter en conta para evitar os posibles erros historiográficos e xenealóxicos que se poidan derivar.

91. ARG. Fondo Vaamonde Lores, c. 6, 21. Traslado dalgunhas cláusulas deste testamento.

92. No sartego de Xoán Freire de Andrade na igrexa de San Sadurniño sorprende a curiosa inscripción obituaria, xa que recolle frases que él mesmo deixou prefixadas no seu testamento.

93. AHUS. Casa de Montaos, Testamentos-Curadorías, c. 17, p. 1.

D. Antonio Bermúdez e Lanzós, *IV señor de San Sadurniño*

Gobernou o morgado poucos anos. Casou con Dª Francisca de Arroxo e non tiveron sucesión, polo cal pasou o vínculo ao seu irmán D. Diego. Semella que D. Antonio pasou por certas dificultades económicas. Nun preito posterior ao seu pasamento que entablou o mosteiro de Sobrado contra a súa cuñada Dª Mariana e o seu sobriño D. Pedro, sobre reivindicación de bens en Santa Mariña do Monte e San Pedro de Loira, nun dos interrogatorios ás testemuñas preceptivas dise que: *"Si saben que en aber açeptado el dicho don Pedro siendo tal menor los vienes y herençias de los dichos Pedro de Andrade, su agüelo, y don Antonio, su tío, fue muy leso y engañado por no haberen dejado los susodichos ningunos vienes libres sino tan solamente los avinculados y de dicho mayorazgo, y no haber encontrado en su poder ninguna cosa de las herençias de los susodichos; y en particular haberse fallesçido el dicho don Antonio, su tío, muy pobre y cargado de deudas, de tal suerte que no ubo quien quisiese açeptar su herençia ni para pagar la dote de doña Françisca de Arroxo, su muger (...)"*[94].

D. Diego de Andrade Osorio e Castro, *IV señor de San Sadurniño*

Casou con Dª Mariana de Arroxo e Valcarcel, natural de Ourense. D. Diego outorgou testamento no seu pazo das Somozas (As Somozas) o 14/06/1612 finando case ao tempo. Un mes despois, o 07/07/1612, nos mesmos *"palacios de Las Somozas"* compareceu Dª Mariana e dixo que *"pudía aver veinte dias que el dicho D. Diego Osorio, su marido, se había fallesçido y en su testamento la había nombrado tutora y curadora"*[95] dos seus fillos menores que lle quedaran. Dª Mariana sobreviviría ao seu marido bastantes anos, finando en San Sadurniño o 05/04/1643 onde previamente outorgara testamento[96]. Fillos de D. Diego e Dª Mariana foron:

1- D. Pedro de Andrade e Castro II, que segue a liña.
2- Dª María Osorio e Andrade, que casou con D. Pedro de Neira, señor de Pazos -Lugo-, e tiveron por fillas a Dª Xuliana e Dª Xacinta.

D. Pedro de Andrade e Castro II, *VI señor de San Sadurniño*

Capitán, casou con Dª. Francisca Pardo de Figueroa e Lupidana. Testou en Villafranca del Bierzo o 12/03/1652, onde finou sendo relativamente xove, mandando enterrarse na igrexa de San Francisco desta vila dentro da súa *"capilla de los Andrade"*. Do matrimonio entre D. Pedro e Dª Francisca quedaron nove fillos, que foron.

1- D. Diego de Andrade, que herdou o morgado.
2- Dª Mariana de Andrade.

94. ARG, RA, Preitos, Mosteiros, Sobrado, 118/85.

95. ARG, RA, Preitos, Mosteiros, Sobrado, 118/85.

96.Testamento do 15/01/1633, seguido de dous codicilos nos anos 1633 e 1643.

Pazo de San Sadurniño. Pedra armeira reubicada na parte traseira do edificio antigo (s. XVII)

3- Dª Catalina de Andrade.
4- D. Bernardino de Andrade, que sucedeu no morgado ó seu irmán D. Diego.
5- Dª María de Andrade.
6- D. Xosé de Andrade, que sucedeu no morgado ó seu irmán D. Bernardino.
7- D. Francisca Ventura de Andrade, que segue a liña.
8- D. Antonio de Andrade, cura de Santiago de Pantín -Valdoviño-.
9- Dª Ana Antonia de Andrade.

D. Diego de Andrade, *VII señor de San Sadurniño*

Como primoxénito herdou ao seu pai D. Pedro no morgado. Finou sen sucesión no ano 1664 polo que o vínculo pasou ao seu irmán D. Bernardino.

D. Bernardino de Andrade, *VIII señor de San Sadurniño*

Sucesor do seu irmán maior, finou tamén solteiro e sen descendentes polo que pasaron todos os seus dereitos ao seu irmán D. Xosé.

D. Xosé [de Andrade] Pardo Figueroa, *IX señor de San Sadurniño*

Sucedeu ó seu irmán D. Bernardino. Casou con Dª Catalina de Tapia e non tiveron sucesión, polo que pasou o morgado á súa irmá Dª Francisca Ventura.

Dª. Francisca Ventura de Andrade e Pardo de Figueroa, *IX señora e I Marquesa de San Sadurniño*

Casou con D. Pedro Álvarez de Reinoso e Argiz[97], natural de Ourense. D. Pedro e Dª Francisca obtiveron Real Carta co título do Marquesado de San Sadurniño -Vizcondado previo de Cerdido- o 12/12/1688. Foron seus fillos:

1- D. Pedro Francisco Álvarez de Reinoso e Andrade, que sucedeu no morgado.
2- Dª María Rosa Álvarez de Reinoso e Pardo de Andrade, que casou con D. Álvaro de Quindós e Bolaño e tiveron por fillo a D. Xosé Xacinto de Quindós Andrade e Figueroa, quen sucedeu ó seu tío D. Pedro Francisco no morgado de San Sadurniño e segue a liña.
3- Dª Mariana Álvarez de Reinoso e Andrade, que casou con D. Antonio Micael Mosquera e foron I Marqueses de Guimarei, con sucesión.
4- Dª Andrea Álvarez de Reinoso e Andrade, monxa.

D. Pedro Francisco Álvarez de Reinoso e Andrade, *II Marqués de San Sadurniño*

Finou sen sucesión, polo cal herdou o morgado de San Sadurniño o seu sobriño D. Xosé Xacinto de Quindós e Andrade que segue a liña.

D. Xosé Xacinto de Quindós e Andrade Figueroa, *III Marqués de San Sadurniño*

Casou coa súa parenta Dª Xosefa Caetana Pardo de Andrade e Moscoso, V señora da casa de Baltar. D. Xosé Xacinto e Dª Xosefa Caetana outorgaron testamento[98] conxunto no pazo de Baltar o 19/05/1747. D. Xosé Xacinto finou[99] no ano 1753. Fillos deste matrimonio foron:

97. Natural de Ourense, era fillo do rexedor perpetuo desta cidade Francisco Álvarez de Argiz e de Dª Antonia Gayoso e Reinoso.

98. ACNC, Prot. 844/1747/Ferrol/Montero de Luaces, Xoán Antonio.

99. Segundo recolle un letreiro pintado no interior do arcosolio de Xoán Freire de Andrade na igrexa de San Sadurniño. Os restos mortais que había nos sartegos e enterramentos da casa foron trasladados á capela de Baltar no século XX.

1- Dª Xosefa Antonia de Quindós e Pardo de Andrade.
2- Dª María Antonia de Quindós e Pardo de Andrade, que casou con D. Andrés de Quiroga e Ulloa, señor das xurisdiccións de Soñar, Burela (Lugo), e outras. Filla deste matrimonio foi Dª Ana de Quiroga e Quindós, quen casaría no ano 1789 co seu tío D. Xosé Xavier de Quindós, IV marqués de San Sadurniño, con sucesión.
3- D. Xosé Xavier de Quindós e Pardo de Andrade, que sucedeu no morgado e segue a liña, garda mariña no ano 1753.
4- D. Xoán Antonio de Quindós e Pardo de Andrade, garda mariña no ano 1753.
5- D. Pedro de Quindós e Pardo de Andrade[100], que naceu en 1747.

Baltar: Fotografía do ano 1910 de Dª Mª Natividade de Quindós, VII marquesa de San Sadurniño

100. D. Xosé Xacinto e Dª Xosefa Caetana, no seu citado testamento do ano 1747, declaran: *"(...) por nuestro hijo lexitimo al póstumo o póstuma que pariere la susodicha señora doña Josepha Cayetana Pardo del preñazgo en que actualmente me allo, y ansi mismo y con la misma lexitimidad (...)"*. Este fillo póstumo sería D. Pedro.

